


Baseado en TimeLine SIMILE (<http://www.simile-widgets.org/timeline/>)

As "liñas de tempo" permite mostrar cronoloxicamente as distintas "achegas" que cada alumno vai facendo ao traballo común, podemos representar períodos de tempo que van dende miles de anos ata horas. Cada alumno-investigador achega o seu traballo que, na páxina principal é visto en conxunto co resto dos seus compañeiros. Entre a información que pode achegar a cada item atópase unha




palabra principal (é a que aparece na liña de tempo), un comentario, a data na que se produciu o feito investigado, un "enlace" a un lugar de Internet onde se poida ampliar a información e unha imaxe. Ao pulsar sobre os distintos puntos (a cor destes puntos tamén se pode elixir) aparecerá a información introducida en cada caso.

Os primeiros datos de "Páxina web""Xestión de usuarios" ou "TemaUI" pode consultarlos no tutorial de anotacións colectivas.

Como se indica, esta páxina está baseada en "TimeLine SIMILE" á web da cal e licenza pode acceder facendo clic nestas palabras situadas na cabeceira da pestana "TimeLine", onde poderemos tamén configurar o noso traballo nos seguintes apartados:

1. - **Tamaño:** O primeiro que debe de indicar é o tamaño que terá esta liña de tempo, o ancho pódoo especificar en píxeis (px) ou en % (na imaxe determinouse o 100%, é dicir todo o ancho da páxina).




2. - **Período para a liña:** O seguinte apartado permite delimitar a propia liña de tempo, "**Iniciar en**" e "**Finalizar despois de**", é moi aconsellable. Fíxese tamén na orde da data, ano - mes - día, se o seu traballo non vai necesitar a precisión dun día (ou a dun mes), o máis aconsellable é que deixe a un estes valores.. Se necesita un ano en concreto que as frechas "arriba e abaixo" non lle permite, simplemente escriba sobre o número.



En "**Posición inicial**" indicamos o lugar no que se situará a nosa liña de tempo cada vez que se acceda á páxina. No caso de que a liña de tempo sexa referida a uns poucos días, podemos determinar mesmo que esta posición estea centrada nunha determinada hora dun determinado día.

3. - **Bandas:** Por último debemos de especificar "as bandas" que vai ter a nosa liña, na imaxe de exemplo do principio (telégrafo) utilizáronse dúas liñas (pode ter ata un máximo de tres), unha a nivel de "década" e outra a nivel de ano, así podémonos situar doadamente no detalle dunha determinada década con tan só arrastrar a banda inferior da década.



Sobre o "**alto %**" especifica en porcentaxe a altura de cada banda.

"**Ancho (pix)**" determina a distancia entre os anos, décadas, séculos,... que se elixira, o máis normal é que o da "unidade" (día, mes, ano...) máis pequena teña unha separación maior.

"**Fondo**" permítenos elixir a cor de cada unha das bandas, así como o tipo de "degradado" dende o primeiro cadrado ata o último

"**Aspecto**" ten tres valores posibles: "orixinal", "overview" e "detailed" que permiten distribuír os eventos evitando que se superpoñan cando coinciden varios na mesma zona. Unha combinación bastante usual é colocar "overview" para a banda máis pequena (adoita ser a que ten a unidade máis grande) e "orixinal" para a outra banda.

"**Area**" permite que na banda máis pequena "se marque" (fondo máis claro) a zona que se está a visualizar na zona máis grande (observe a imaxe inicial, na banda pequena), normalmente deberían de estar marcadas.

Por último, neste apartado, poderá cambiar as cores indicadas na imaxe.

4. - **Pop-up:** Cando o visitante da nosa páxina fai clic sobre o punto ou "liña de duración" (no caso que nunha entrada especifiquemos un inicio e un final, verase un punto no inicio e unha liña da mesma cor ata o final especificado), aparece un "Pop-up", no apartado da imaxe é onde poderemos especificar os seus parámetros.

No principio especificaremos o **ancho** que este "bocadillo" vai ter, teña en conta que, se o alumno "carga" unha imaxe, esta sempre aparecerá á dereita, tal e como se mostra na imaxe, nesa mesma liña tamén se especifica a fonte do texto.

Á esquerda do bocadillo de exemplo poderemos especificar tamaño e aspecto do "título do item" (no exemplo "Einstein"), nos cadrados pode indicar as cores que terá este texto en estado normal (cor fonte) e ao pasar o rato enriba (cadro con man) xa que, se o alumno especificou unha URL para este item, esta URL se poderá lanzar ao pulsar sobre esta/s palabra/s.

Ao dereita do bocadillo e de arriba abaixo temos:

1. - O ancho máximo (o alumno pode introducir un ancho menor na "entrada" de datos) e marxe que terá a imaxe de cada item.
2. - Tamaño, aspecto e cor do texto descritivo así como da data (fíxese que pode indicar que non apareza este dato) e autor (tamén pode indicar o seu
3. - Se o desexa pode facer que no fondo do bocadillo apareza un enlace a un lugar (URL) digamos "común" para todo o traballo. Por exemplo, podemos ter un espazo de comentarios na nosa web (pode crear un con Ardora) á que dirixir aos nosos alumnos para calquera discusión ou debate que poida xurdir do traballo. Aquí teremos que indicar o texto que aparecerá no enlace, a URL á que queremos ir, o tamaño, aspecto e cor do texto deste enlace. Fíxese que para que apareza debe tamén marcar a casa da esquerda do bocadillo.

Na pestana de "**Etiqueta\Mensajes**" configuraremos a páxina dedicada á introdución de datos por parte do alumnado. En "Páxina web", así como o apartado de "botóns" é idéntico ao comentado no tutorial das "anotacións colectivas".

No apartado para introducir datos debemos introducir as etiquetas que indican ao alumno o espazo reservado para a palabra (ou palabras) que definen ao seu evento, a etiqueta para o lugar onde pode de introducir a URL así como a mensaxe que aparecerá no caso de que deixase a palabra "en branco".

En "**Star**", introduciremos a etiqueta para indicar que os datos seguintes son os relativos ao inicio do evento. Nestes datos tamén temos as etiquetas para ano, mes, día, hora, minuto e segundo así como os mensajes de erro, no caso de que non se introducise un ano (no inicio dun evento é o único dato obrigatorio) así como o mensaje que aparecería no caso de que o introducido non fose números. Estas etiquetas serán as mesmas para o final ("**End**").

Finalmente debe indicar tamén as etiquetas para a introdución do "arquivo de imaxe" e o lugar do ancho ao que se vai axustar a imaxe.

Consulte o tutorial da introdución no referente a publicar a actividade.